



## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO INFANTIL DE TARXETAS DE NADAL 2020**

### **1. Destinatarios**

Dirixido ás nenas e nenos do Concello de Barbadás, con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos.

### **2. Categorías**

Establécense dúas categorías:

- Alumnos/as de 1º a 3º de Primaria.
- Alumnos/as de 4º a 6º de Primaria.

### **2. Normas de participación**

As tarxetas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- O tema da tarxeta é o espírito do Nadal e podrá conter de forma libre calquera aspecto relativo a estas festas, valorárase a orixinalidade e a capacidade creativa.
- Estar presentado en cartolina ou papel, tamaño DIN A5 (medio folio normal, 15x21 centímetros).

### **3. Lugar e prazo de presentación**

As tarxetas poderán presentarse na Casa da Cultura deixándoas no buzón habilitado para tal efecto ou nos CEIP Filomena Dato e O Ruxidoiro.

O prazo de presentación será dende o día 17 ata o 27 de Novembro de 2020.

As tarxetas deberán presentarse en sobre pechado con pseudónimo e idade, dirixido a Concellaría de Cultura de Barbadás “Concurso de Tarxetas de Nadal 2020”, e incluíndo no interior outro sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, dirección, idade e nº de teléfono.

### **4. Premios**

- Entregaranse dous premios por cada categoría, consistentes en:
  - Categoría alumnos/as de 1º a 3º de Primaria:
    - 1º Premio: un puzle 3D e un lote de libros.
    - 2º Premio: un puzle 3D e un lote de libros.



o Categoría alumnos/as de 4º a 6º de Primaria:

1º Premio: un altofalante conectable por bluetooth e un lote de libros.

2º Premio: un altofalante conectable por bluetooth e un lote de libros.

- O xurado estará composto pola Concelleira de Cultura, coordinador da Casa de Cultura e por un membro do equipo directivo dos CEIP do Concello de Barbadás.
- O nome dos gañadores ou gañadoras publicárase na páxina web do Concello de Barbadás ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) a partir do 30 de novembro de 2020.
- Todas as tarxetas presentadas ao concurso serán expostas na sala de exposicións da Casa de Cultura do Concello de Barbadás durante o periodo de Nadal, dende o día 21 de decembro ata o día 7 de xaneiro.
- Os premios entregaránse na Casa da Cultura o día 21 de Decembro, coincidindo coa inauguración da exposición de todas as tarxetas presentadas, na Casa de Cultura ás 18 h.
- A tarxeta galardoada co 1º Premio de calquera das dúas categorías poderá ser utilizada para o Programa Cultural destas datas, as postais finalistas poderán ser utilizadas para felicitar o Nadal por parte do Concello de Barbadás.

***A participación no concurso suporá a aceptación das presentes bases.***

***A Concellaría de Cultura resérvase o dereito a realizar os cambios que poida considerar necesarios.***